



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 18 DE XULLO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas actuacións no Camiño Inglés, no treito polígono do Tambre de clave AC/17/012.10.5, e no treito do Cemiterio - cruzamento de Meixonfrío, de clave AC/18/023.06, no Concello de Santiago de Compostela.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Mondariz, da EP-4307, acceso á igrexa de Sabaxáns.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Arquivo Fotográfico Vidal.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se ordena a intervención e persoamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma como parte no proceso civil iniciado pola Administración xeral do Estado no Xulgado de Primeira Instancia número 1 da



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Coruña, e o exercicio de accións en defensa das pretensións formuladas por esta, conducentes á recuperación para o patrimonio público, como ben de dominio público, do ben de interese cultural torres ou Pazo de Meirás.

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei reguladora da acción exterior e Cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda modificativa relativa ao acordo de prórroga e ao acto de adhesión do convenio entre a Cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, por un importe total de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o despregamento da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, para a mellora da Rede de videovixilancia forestal dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Betanzos, para o financiamento da redacción da Revisión do Plan especial de protección e ordenación do núcleo Histórico (PEPOCH), por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Corcubión, para o financiamento da redacción da revisión do Plan especial de protección e ordenación do núcleo Histórico (PEPOCH), por un importe total de cen mil euros (100.000,00 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Concello de Santiago de Compostela para o proxecto SMARTIAGO, por importe de seis millóns cento oitenta mil euros (6.180.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación centralizada da subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) por un orzamento de licitación, IVE incluído, de oitenta e dous millóns seiscientos cincuenta e tres mil oitocentos dezaseis euros con dezasete céntimos (82.653.816,17 €) e un valor estimado, IVE excluído, de cento setenta millóns setecentos setenta e dous mil trescentos corenta e sete euros con corenta e cinco céntimos (170.772.347,45 €) (expediente de contratación nº 2019\_007\_SXT).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2019, por importe de catrocentos sesenta e nove mil seiscientos catro euros con corenta e un céntimos (469.604,41 €).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión pola Consellería do Mar dunha axuda económica de cinco millóns trescentos cincuenta e seis mil seiscientos cincuenta e cinco euros con seis céntimos (5.356.655,06€) a Hermanos Fernández Ibáñez Consignatarios de Pesca, S.L.U., para a execución do proxecto de deseño, construción e posta en marcha dunha nova planta de frío (ultra-conxelación) e elaboración.

## INFORMES



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a nova Axenda Industria 4.0.





## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE PERMITEN INSTALACIÓNS DE SERVIZOS PERMANENTES EN ZONA DE SERVIDUME

- *Outra das novidades do decreto é que as autorizacións temporais poderán solicitarse por un período de catro tempadas estivais consecutivas*
- *A Xunta defende que as instalacións permanentes tamén axudarán a acadar unha mellora na calidade e na estética, ao adecualas á contorna e cumprindo requisitos de calidade arquitectónica e de integración paisaxística*
- *Establécense condicións específicas sobre as distancias e ocupacións máximas de cada tipo de instalacións pero, en ambos os casos, as conducións de servizos deberán estar soterradas e o sistema de saneamento garantirá a eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros*
- *Tamén se simplifica e unifica a solicitude de cortas en zona de servidume, polo que haberá unha única autorización que se solicitará ante o órgano competente en materia de montes, que será quen resolva a solicitude logo de consulta e informe dos organismos sectoriais que teñan que informar*
- *O decreto tamén regula as autorizacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas, que sempre serán de carácter temporal e as instalacións deberán ser retiradas ao rematar a actividade, deixando os terreos en idénticas condicións ás preexistentes*
- *A redacción do novo decreto está xustificada pola necesidade de actualizar a normativa en materia de ordenación do territorio que se produciu nos últimos dez anos en Galicia e por establecer unha regulación clara, eficaz e transparente*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace ao Decreto polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Deste xeito, permitirase a instalación de establecementos de servizos ou chiringuitos fixas e permanentes.

Está é unha das novidades que integra o novo Decreto que derroga o ata agora vixente, o Decreto 158/2005, do 2 de xuño que, con 14 anos de vixencia e a aprobación de diversas normativas en relación co territorio, xustifican a aprobación dun novo texto claro, eficaz e transparente, que dea respostas e solucións detectadas ao longo deste anos nun ámbito especialmente sensible.

En virtude desta nova normativa, permítese ofrecer un servizo continuado e permanente, sempre e cando estea xustificada esa necesidade ou prestación efectiva, máis extenso que o de mero servizo aos bañistas estivais, que -en moitas ocasións- deixaron de ser os únicos usuarios destas zonas pola ampliación dos usos que nelas converxen, tanto os deportivos como de ocio ao aire libre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Ademais, coas instalacións permanentes, perséguese acadar unha mellora na calidade e na estética das instalacións, coa adecuación á contorna e cumprindo requisitos de calidade arquitectónica e de integración paisaxística, aspectos que coas instalacións temporais, por cuestións de viabilidade económica, moitas veces non se conseguen.

A Xunta pretende con esta regulación definir unha medida tendente a incrementar a protección do dominio público marítimo-terrestre, ao dotar de servizos de calidade as praias e tamén outras zonas do litoral, diminuíndo a súa demanda sobre o dominio público, enmarcándose dentro dunha política potenciadora do turismo de excelencia, con servizos que permitan atraer aos visitantes durante todo o ano, potenciando e consolidando así o medio rural coa posta en valor da súa contorna máis alá da época estival.

Outra das novidades deste novo decreto é que as instalacións temporais poden presentar unha solicitude de uso para catro tempadas estivais, en lugar de solicitar cada ano a autorización para cada unha das tempadas de verán.

En ambos os casos, a presentación das solicitudes realizarase -preferentemente por vía electrónica- no último trimestre do ano para a tempada seguinte, no canto do primeiro trimestre no ano -tal e como se establece agora-, e a Xunta reduce nun mes o prazo de resolución destas, polo que a Administración terá cinco meses para pronunciarse sobre as ditas solicitudes.

Tamén se define unha serie de condicións propias para as instalacións temporais e fixas, sobre as distancias e ocupación máxima de cada caso, mentres que para ambas se establece que non poderán almacenarse no exterior do establecemento envases, caixas, cubos ou artigos que afecten a estética visual. Tamén todas as conducións de servizos do establecemento deberán estar soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros.

No seguinte cadro indícanse as características que deberán respectar as instalacións en zona de servidume de protección de costas.

	DISTANCIAS	OCUPACIÓN MÁXIMA
<b>TEMPORAIS</b>  (Tempada do 1 de maio ao 31 de outubro + Semana Santa).	<b>100 metros</b> , que poderá modificarse para facilitar a utilización dos servizos urbanísticos existentes ( <i>saneamento, abastecemento eléctrico ou de auga, recollida de residuos ou outros</i> ) ou pola axeitada ordenación da praia e do seu contorno, co fin de garantir a calidade do servizo	70 metros, dos que 20 como máximo serán pechados
<b>FIXAS</b>	<b>100 metros</b>	<b>200 metros</b> , dos que 150 poderán destinarse



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

		<p>a instalación pechada e o resto a terraza pechada mediante elementos desmontables A esta superficie poderán engadirse outros 70 metros cadrados de ocupación aberta e desmontable, máis unha zona de aseo, que non poderá superar os 30 metros cadrados.</p>
--	--	---

O novo decreto, que se estrutura en 6 capítulos, 37 artigos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, establece -no capítulo II- a regulación de usos e actuacións posibles na zona de servidume de protección, establecendo como permitidos: as actividades con fins agrarios, como cultivos e plantacións; autorizables, os chiringuitos, muros e peches, depuradoras, instalacións deportivas descubertas, vías de transporte, servizos necesarios ao dominio público, celebración de espectáculos públicos; e prohibidos, os usos residenciais, hoteleiro, e as verteduras sólidas. Tamén se regula a declaración responsable para a realización de obras en edificacións xa existentes (capítulo IV do decreto).

Outra das melloras que se integran no novo decreto é o feito de simplificar e unificar os permisos de cortas en zona de servidume, de tal xeito que se presentará unha única solicitude ante o órgano autonómico competente en materia de montes, que se encargará de solicitar os informes sectoriais perceptivos e de resolver a dita solicitude.

### Espectáculos públicos e actividades deportivas

O decreto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta tamén regula as autorizacións temporais para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas, que sempre serán de carácter temporal e as instalacións estarán vinculadas á actividade e exclusivamente nas datas solicitadas, polo que deberán ser retiradas ao rematar a actividade, deixando os terreos en idénticas condicións ás preexistentes á súa celebración.

Tamén se deberán adoptar todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas participantes e espectadoras, así como da integridade dos bens, e durante a celebración do espectáculo ou actividade adoptaranse as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume, con especial atención a evitar a vertedura de materiais contaminantes no medio natural.

### Principios inspiradores

A necesidade da revisión do actual Decreto polo que se regulan as competencias da Comunidade na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, competencia exclusiva da Comunidade- está xustificada pola necesidade de actualizar a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

normativa, debido aos cambios que se produciron nos últimos dez anos en Galicia. Unha década marcada pola aprobación das directrices de ordenación do territorio, o Plan de ordenación do litoral, a nova Lei do solo 2/2016 e o Regulamento que a desenvolve, así como o Plan básico autonómico.

Así, a tramitación deste decreto inspirouse en cinco principios que son a necesidade, por clarificar e unificar o réxime que debe resultar de aplicación na zona de servidume de protección; proporcionalidade, pois as modificacións introducidas limítanse a solventar os problemas detectados durante os case tres lustros de vixencia do actual decreto; e seguridade xurídica, por dar un novo tratamento (de xeito claro, eficaz e transparente) que facilite aos interesados o coñecemento dos procedementos, trámites e dereitos, que faciliten o uso deste zona sen que afecte a súa defensa e conservación.

O cuarto principio é a transparencia e accesibilidade, xa que se promoveu unha ampla participación pública na súa elaboración e, por último, a simplificación administrativa e eficacia, evitando cargas administrativas innecesarias.





## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA AS OBRAS COMPLEMENTARIAS DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DO CAMIÑO INGLÉS AO SEU PASO POLO POLÍGONO DO TAMBRE

- *Prevese un investimento de 156.000 euros para a ocupación dos 20 predios necesarios*
- *Desta forma poderanse desenvolver os novos espazos de aparcadoiro necesarios para manter, pese á reordenación de espazos, o mesmo número de estacionamentos que existe na actualidade ao servizo do polígono*
- *Actualmente está en marcha unha primeira fase da actuación no Camiño Inglés no polígono do Tambre e na contorna do cemiterio de Boisaca, cun investimento de 1,84 millóns de euros*
- *Esta obra completárase cunha segunda fase, con novos aparcadoiros e a conexión entre o cemiterio e o tanatorio, cun investimento de 750.000 euros e coa previsión de contratar as obras en outono*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras complementarias ás actuacións que se están a executar de mellora e integración paisaxística do Camiño Inglés no polígono do Tambre, no concello de Santiago de Compostela.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 20 predios necesarios para as actuacións de mellora do Camiño de Santiago Inglés ao seu paso polo polígono empresarial e ata o cruzamento de Meixonfrío, para o que se dispón dun orzamento de máis de 156.000 euros. E o levantamento de actas previas prevese neste verán de 2019.

As actuacións no Camiño Inglés dividíronse en varias fases e neste momento o departamento de Infraestruturas da Xunta está a executar a primeira delas, no trazado do Camiño que atravesa o polígono industrial do Tambre polas rúas Galileo e das Mulas, e na que se atopa o cemiterio de Boisaca

Cun investimento de máis de 1,84 millón de euros, esta actuación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade reordénase e dignifícase fronte ao cemiterio de Boisaca e configúrase unha senda característica continua na marxe do peregrino, dotándoo dun espazo propio de seguridade que transmite a prioridade peonil respecto aos automóviles.

Na Vía Galileo esta configuración implica reordenar os espazos dedicados ao estacionamento de vehículos e, en consecuencia, retirar as liñas de aparcadoiro que se prolongan na marxe do peregrino e ordenalas na banda oposta. Deste xeito, para que haxa un mantemento do número global de prazas de aparcamento é necesario complementar a actuación con novas bolsas de aparcadoiro nas proximidades, e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

precisamente os terreos para estes novos aparcadoiros conséguense a través da expropiación hoxe foi aprobada polo Executivo autonómico.

O Goberno galego acordou así as expropiacións dos seguintes terreos, que se irá materializando a medida que se vaia avanzando coas distintas fases da actuación do Camiño Inglés.

O departamento de Infraestruturas da Xunta tamén está a ultimar o proxecto da segunda fase, que inclúe a execución dos novos aparcadoiros e a conexión entre cemiterio e tanatorio por un importe estimado de 750.000 euros. A contratación das obras prevese para outono.

Estas actuacións enmárcanse dentro da estratexia da Xunta para optimizar as entradas na capital de Galicia dos diferentes Camiños de Santiago, coincidindo co vindeiro ano santo 2021, para o que se traballa para acadar unha imaxe identitaria internacional común ao longo do Camiño, facilitando a dita percepción e diminuíndo a tensión de tráfico sobre o Camiño, así como favorecendo a mobilidade peonil nesta área ao priorizar o peregrino sobre o tráfico rodado.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE MONDARIZ DO TREITO DE VÍA PROVINCIAL QUE DÁ ACCESO Á IGREXA DE SABAXÁNS

- *Trátase dun treito que discorre na súa maior parte polos núcleos rurais de Filgueiras e A Igrexa, e é o principal viario de saída desta parroquia cara os lugares de Cernadela e ao propio centro do municipio*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *Coa transferencia, o Concello será responsable da xestión, mantemento e conservación do treito e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Mondariz do treito da vía provincial EP-4307, que dá acceso á igrexa de Sabaxáns.

O Concello pontevedrés solicitou á Deputación Provincial o cambio de titularidade deste treito, que discorre na súa maior polos núcleos rurais de Filgueiras e A Igrexa, na parroquia de Sabaxáns. A petición prodúcese tras coñecer a intervención proposta polo organismo provincial de acondicionamento nesta vía e a súa replanificación en materia de mobilidade.

A Administración provincial de Pontevedra considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do Concello de Mondariz, xa que a citada vía supón o principal viario de saída de Sabaxáns cara ao lugar de Cernadela e ao propio centro do municipio, formando parte do propio núcleo que se crea dentro do concello. Deste xeito, o organismo provincial emite informe favorable á transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello pontevedrés deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Mondariz asume a competencia para actuar neste treito, asume a responsabilidade da súa xestión, mantemento e conservación e poderá actuar de modo acorde coas súas características.

O decreto aprobado hoxe polo Goberno galego producirá efectos desde o día seguinte ano da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA DECLARAR BEN DE INTERESE CULTURAL O ARQUIVO FOTOGRAFÍCO VIDAL, REFERENTE NA COSTA DA MORTE

- *Recoñécese así o seu valor cultural sobranceiro deste fondo composto por preto de 60.000 fotografías e establécense medidas para a súa salvagarda e valorización, xa que constitúe un testemuño gráfico e documental de moito interese*

O Consello da Xunta vén de declarar ben de interese cultural (BIC) o Arquivo Fotográfico Vidal, situado no Museo do Mar de Laxe (A Coruña), a raíz do informe realizado pola Consellería de Cultura e Turismo que dá conta da relevancia histórica, artística e documental deste fondo.

O decreto implica a súa máxima salvagarda e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección. Neste sentido, permitirase o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador acreditado pola Administración e ao persoal técnico designado pola Administración autonómica para a realización dos informes necesarios para a súa conservación; e establecerase un réxime de visita para o público de, polo menos, catro días ao mes.

Este arquivo, catalogado por temáticas e ámbitos xeográficos que abranguen as comarcas de Soneira e Bergantiños, realizadas por Plácido Vidal Díaz e José María Vidal García, pai e fillo respectivamente, desde finais do século XIX ata os anos 70 do pasado século, constitúe un testemuño gráfico e documental de moito interese para coñecer os costumes, a paisaxe, os oficios, a pesca, a vida política e social ou a moda desta zona da Costa da Morte.

Integrado como fondo singular no arquivo municipal de Laxe, está formado por 43.475 fotografías en soporte plástico, 5886 fotografías en vidro e 10.306 en papel, o que supón un total de 59.667 fotografías. Sobresae a súa importancia como fonte de información, tanto para a realización de estudos da evolución da propia técnica ao longo do tempo como para a realización de estudos de historia económica, política, social ou da historia da arte.

### Protección do patrimonio

Galicia conta cun rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. As políticas impulsadas desde o Goberno autonómico están a permitir que nos últimos anos este patrimonio sobranceiro manteña un bo nivel de salvagarda. Neste sentido, nos últimos meses houbo importantes avances na declaración de elementos singulares da nosa



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Comunidade como ben de interese cultural, aos que se lles outorgou un grao de protección especial, como a Cova Eirós, as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, a ampliación dos muíños do Folón e do Picón ou a Ribeira Sacra o ano pasado.



## A XUNTA AXILIZA E MELLORA A XESTIÓN DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA COA CREACIÓN DUNHA XERENCIA ESPECÍFICA

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura da Agacal con este novo órgano de coordinación, xestión, control e seguimento da actividade administrativa da entidade, sen incrementar o gasto*

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se modifica a estrutura da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para crear a súa xerencia. A posta en marcha desta figura obedece á necesidade de atribuír a un órgano concreto a coordinación, xestión, control, seguimento e coordinación de toda a actividade administrativa da entidade, na procura dunha maior axilidade, eficiencia e eficacia na súa actuación.

A creación da xerencia non suporá un incremento do gasto público, xa que se fai amortizando o posto vacante da Subdirección de Coordinación e Promoción para o Desenvolvemento do Medio Rural da Agacal. O decreto establece tamén que o xerente será nomeado e cesado polo Consello Reitor da axencia, por proposta do seu presidente, que é o conselleiro do Medio Rural.

As principais funcións da xerencia teñen que ver coa xestión, coordinación, control e seguimento do resto das áreas da Agacal, así como coa coordinación e seguimento da xestión económica, contractual, orzamentaria e patrimonial da axencia. A creación da xerencia da Agacal redundará nunha mellora da xestión desta axencia e, por extensión, de todo o relativo á promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos, así como dos ámbitos da formación e investigación agroforestal.

A Agacal naceu coa principal función de impulsar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios da nosa comunidade acollidos aos distintos indicativos. Eses produtos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida son o baluarte da produción agroalimentaria galega de calidade.

O sector agroalimentario dos produtos de calidade acada unha facturación anual duns 450 millóns de euros e implica case 30.000 explotacións agrarias (moitas delas de carácter familiar) e unhas 900 industrias, polo que ten unha grande importancia tanto dende o punto de vista económico como social na nosa comunidade autónoma.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AOS SERVIZOS XURÍDICOS A COMPARECER COMO PARTE NO PROCESO CIVIL INICIADO PARA A RECUPERACIÓN PARA O PATRIMONIO PÚBLICO DO PAZO DE MEIRÁS

- *A Xunta ten como unha das súas obrigacións a salvagarda do patrimonio cultural galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dar autorización aos servizos xurídicos do Goberno galego a comparecer como parte do proceso civil iniciado pola Administración xeral do Estado no Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña conducente á recuperación para o patrimonio público do Pazo de Meirás.

A Lei de patrimonio cultural de Galicia determina que o patrimonio cultural está constituído por bens mobles, inmobles ou manifestación inmateriais, que polo seus valores, entre outros históricos, deban ser considerados como de interese para a súa permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega.

A Xunta ten como unha das súas obrigacións a salvagarda do patrimonio cultural galego. A Lei de patrimonio cultural sinala que o Goberno galego poderá acordar medidas de colaboración coa Administración xeral do Estado que fortalezan ou melloren a vixilancia e seguridade dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, especialmente cando se vexan ameazados por actos de expolio ou destrución.

O Pazo de Meirás foi declarado ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, polo Decreto 299/2008, do 30 de novembro.



## A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA NOVA LEI DE ACCIÓN EXTERIOR E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, QUE BUSCA MELLORAR A PROXECCIÓN DE GALICIA E A SÚA PARTICIPACIÓN NOS FOROS INTERNACIONAIS

- *A aprobación desta lei dará cumprimento a un dos obxectivos fixados na Estratexia galega de acción exterior (EGAEX), que foi aprobada en 2018 sen votos en contra no Parlamento*
- *O novo texto pretende mellorar a coordinación de todas as administracións públicas galegas con proxección internacional, afondar na atención dos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión e a súa proxección nos países da Lusofonía, e dotar a Galicia dun maior protagonismo no ámbito da cooperación para o desenvolvemento*
- *O texto será acordado co Ministerio de Asuntos Exteriores e sometido a información pública, entre outros trámites*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto da *Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia* que fixa, entre os seus obxectivos, mellorar a proxección da comunidade autónoma e optimizar a súa participación nos foros internacionais.

O proceso comezou coa consulta pública previa no mes de febreiro, co obxectivo de obter as achegas dos interesados e do sector. A partir de agora, iníciase a tramitación do anteproxecto que, entre outros pasos, será acordado co Ministerio de Asuntos Exteriores e sometido a información pública para alegacións, antes de ser aprobado pola Xunta e iniciar o seu trámite parlamentario. O obxectivo é acadar un amplo consenso social e político ao redor da acción exterior galega.

A futura lei vén aproveitar o novo marco xurídico configurado polas leis 2/2014, do 25 de marzo, da acción exterior e do servizo exterior do Estado, e a 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais. Ambos os textos legislativos abren novas oportunidades para o crecemento e a mellora da proxección e intervención das comunidades autónomas no exterior.

Así, entre outros fins, a futura lei persegue mellorar a coordinación da acción exterior galega e a súa proxección; mellorar a participación do sector exterior na economía e mercado de traballo; minimizar a concentración de riscos xeográficos grazas a unha diversificación rexional máis equilibrada; mellorar a atención dos galegos no exterior; consolidar a Eurorrexión e a súa proxección nos países da lusofonía; e dotar a Galicia dun maior protagonismo no ámbito da cooperación para o desenvolvemento.

Para desenvolver estes obxectivos, o texto ocúpase dos aspectos máis fundamentais da acción exterior como son os obxectivos estratéxicos; a programación da acción exterior



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

galega e como empregar a EGAEX para coordinar toda a acción exterior galega ao seu redor; o recoñecemento do carácter estratéxico da Eurorrexión e a lusofonía; a acción exterior de Galicia en Europa e fóra de Europa, aspecto este último fundamental cando se materialice o *Brexit*; os instrumentos dos acordos internacionais e como negociarlos e executalos; a cooperación para o desenvolvemento, o que suporá a derogación da Lei 3/2003, do 19 de xuño; e todo o relacionado cos galegos no exterior, adaptando a lexislación ás novas circunstancias e redes de interese.

**Novidades na normativa**

Cómpre destacar que este é, aínda, o inicio da tramitación do nova lei e, polo tanto, está suxeita a cambios. En calquera caso, no primeiro borrador incorpóranse algunhas figuras innovadoras que teñen como finalidade axudar a conseguir os obxectivos xerais fixados na lei.

Así, por exemplo, coa finalidade de mellorar a atención dos galegos no exterior e adaptarse ás novas realidades, propónse a creación do *Asento de galegos no exterior* e do *Asento de empresas galegas no exterior*. Naqueles casos en que as persoas dean a súa autorización, podería usarse este rexistro para fomentar a creación de redes persoais ou profesionais para aproveitar as oportunidades e colaborar mutuamente, sempre co máximo respecto á lexislación en materia de protección de datos. Do mesmo xeito, a lei propón regular o innovador *Rexistro de foráneos con intereses en Galicia*, que incluírá voluntariamente aquelas persoas non españolas e residentes fóra de España que teñan un especial vínculo con Galicia. A Xunta poderá solicitarlles informes sobre proxectos de Galicia no exterior.

No ámbito económico, dedícase un artigo á captación de investimentos produtivos. Neste sentido, o anteproxecto recolle a posibilidade de que o Consello da Xunta examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo *Doing Business*, do Banco Mundial, para avaliar a posta en marcha de medidas dentro do ámbito competencial autonómico para mellorar a atracción de capital foráneo.

Tamén se inclúen outras melloras, como un apoio máis decidido á internacionalización das universidades galegas e que axude a captar talentos novos.

No ámbito da cooperación para o desenvolvemento mantense o compromiso orzamentario que xa se viña reafirmando nos últimos tempos e incorpóranse como novidade especificidades en relación coas normas xerais do réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia, co fin de optimizar a xestión polo departamento competente, garantir a eficacia e a eficiencia e reforzar a inspección e control das axudas e subvencións que se destinen aos axentes de cooperación para os proxectos no exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Ademais, e aínda que non son novidades como tal porque xa estaban reguladas, inclúense dous aspectos para facilitar a participación dos empregados públicos en iniciativas de cooperación e de intercambios internacionais. No texto legislativo, régúlase a participación do persoal do Sergas en emerxencias internacionais, en desenvolvemento da Lei estatal 45/2015, do 14 de outubro de voluntariado. A través dunha disposición, recoñeceráselle a este persoal o dereito a un permiso non retribuído de tres meses (que poderá ser ampliado de forma extraordinaria a 6) para participar en emerxencias de carácter humanitario. As persoas que participen manterán a reserva de praza e serán considerada en situación de servizo activo. Ademais, co obxectivo de reforzar a colaboración no ámbito da lusofonía, o anteproxecto propón recoller a posibilidade de realizar intercambios de empregados públicos entre Galicia e Portugal, tal e como xa se establecía no Decreto de acción exterior.

## A XUNTA APROBA DAR CONTINUIDADE AO CONVENIO COA AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN ACCIÓN HUMANITARIA

- *Trátase dun convenio multilateral, que tamén será asinado polas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, La Rioja, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid e Castilla y León*
- *As achegas destinaranse a financiar actuacións de acción humanitaria organismos multilaterais especializados en acción humanitaria, como o sistema de Nacións Unidas ou o Movemento Internacional de Cruz Vermella, para intervencións en crises humanitarias e de emerxencia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dar continuidade ao acordo de colaboración entre o Goberno galego e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), para a programación conxunta de actuacións en materia de acción humanitaria mediante unha addenda ao convenio asinado o pasado ano. Trátase dun convenio multilateral, que tamén será asinado polas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, La Rioja, Murcia, Comunidade Valenciana, Aragón, Canarias, Baleares, Comunidade de Madrid e Castilla y León, polo cal AECID aportará 1 millón de euros e cada unha das comunidades autónomas adheridas, 50.000 euros.

A presente addenda ten por obxecto dar continuidade á colaboración, establecida en 2018, entre a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a cooperación descentralizada para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, regulando a colaboración das partes en materia de acción humanitaria e, de maneira específica, o establecemento das finalidades concretas da dita colaboración, así como os compromisos financeiros asumidos por elas.

Con este acordo preténdese seguir mellorando a coordinación entre a AECID e as comunidades asinantes para a posta en marcha de actuacións de organismos multilaterais especializados en acción humanitaria para intervencións en crises e situacións de emerxencias. Estas intervencións virán establecidas polos chamamentos internacionais de organismos multilaterais especializados en acción humanitaria, como as axencias das Nacións Unidas ou o Movemento Internacional da Cruz Vermella, especialmente nos sectores relativos á protección, atención sanitaria, auga e saneamento e seguridade alimentaria.

A axencia estatal será a encargada de distribuír este diñeiro ás organizacións internacionais beneficiarias, xustificar o seu correcto emprego, e promover e coordinar o seguimento dos programas financiados polas entidades participantes, facilitando grupos de traballo temáticos e xeográficos, iniciativas de comunicación á cidadanía sobre as



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

actuacións desenvolvidas, ademais de eventuais visitas ao terreo para un maior acceso á información.



## A XUNTA APLICA TECNOLOXÍAS DE IOT E BIG DATA Á REDE DE VIDEOVIXILANCIA FORESTAL PARA MELLORAR A CAPACIDADE DE PREDICCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS

- *Pilotarase unha solución de sensorización e Big Data en varios dos puntos da rede que permitirá recoller, enviar e analizar parámetros atmosféricos e definir patróns de comportamento nas zonas vixiadas*
- *Contará con 30 cámaras máis, elevando ata os 118 estes equipamentos de altas prestacións, dotados de visión nocturna e capacidade para operar baixo temperaturas extremas*
- *Grazas a este incremento de dispositivos poderase monitorar o 60% do territorio as 24 horas do día*

A Xunta aplicará a tecnoloxía IOT (Internet of things) e técnicas de Big Data á Rede de videovixilancia dos espazos forestais de Galicia. É unha das medidas do convenio autorizado hoxe polo Consello do Goberno galego e que asinarán proximamente a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O acordo permitirá iniciar o despregamento inicial de dispositivos IOT nun mínimo de tres centros de telecomunicacións da Rede para detectar, analizar e enviar datos relativos a parámetros atmosféricos que teñen incidencia nos incendios forestais, como a humidade, pluviometría, temperatura, dirección e forza do vento. A aplicación de técnicas de Big Data a esta información permitirá obter patróns de comportamento, que contribuirán a mellorar a predicción e coordinación da extinción dos incendios forestais.

Ademais, o acordo prevé a ampliación da Rede de videovixilancia forestal coa incorporación de 15 novos centros e 30 cámaras de altas prestacións, co que a Rede pasará a estar integrada por un total de 59 centros de telecomunicacións e 118 cámaras. Este aumento de centros e dispositivos posibilitará a monitoraxe do 60% do territorio.

### **Cámaras de altas prestacións**

A Rede de videovixilancia dos espazos forestais entrou en funcionamento o ano pasado como un instrumento de apoio ao labor de detección, prevención e seguimento de incendios. Para o seu despregamento aproveitáronse as infraestruturas do operador público Retegal, instalando en cada un dos 44 centros iniciais dúas cámaras de altas prestacións, dotadas de visión nocturna, con capacidade para operar baixo temperaturas extremas e resistentes a ventos furacanados.

Coa ampliación doutros 15 centros, a Rede disporá de 118 cámaras, que facilitarán unha cobertura visual de 1,8 millóns de hectáreas, máis da metade do territorio galego, incluíndo terreos das 71 parroquias de alta actividade incendiaria, definidas así no Plan

de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) da Consellería do Medio Rural.

### **Plataforma para unha xestión integral**

A Rede xestiónase de xeito centralizado a través dunha plataforma tecnolóxica que posibilita a vixilancia remota dos montes desde os centros de coordinación (central, provincial e de distrito) as 24 horas do día e permite aos axentes e técnicos forestais o acceso en tempo real ás imaxes, mesmo a través de dispositivos móbiles.

En caso de detectarse un lume, o sistema achega información visual en directo sobre o avance e as condicións do incendio e permite xeoposicionar o punto que se está a visualizar en cada momento. Deste xeito, a Rede ofrece un mecanismo de apoio á toma de decisións polas autoridades e persoal técnico competentes para mobilizar e xestionar medios e recursos para os labores de extinción.

Ademais, a plataforma integrárase coas aplicacións empregadas polo Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) como o Xeocode, baseada nun sistema de información xeográfico, que posibilita a xestión de alarmas, incendios, medios e persoal en liña a nivel de distrito, provincial e central.

### **Investimento**

O acordo autorizado hoxe conta cun orzamento de 908.949 euros, que achegarán a Consellería do Medio Rural e a Amtega ata o 2022. Este importe súmase aos 2.026.000 euros comprometidos por ambos os departamentos para a posta en marcha, despregamento e mantemento da Rede.

## AUTORIZADOS SENLLOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA A ACTUALIZAR OS PLANS ESPECIAIS DE PROTECCIÓN E ORDENACIÓN DOS NÚCLEOS HISTÓRICOS DE BETANZOS E CORCUBIÓN

- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace á sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Betanzos e Corcubión, que suman un importe de 250.000 euros*
- *Trátase dun instrumento de planeamento urbanístico que pretende garantir un territorio ordenado capaz de abordar o futuro con criterio e garantías*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de senllos convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e os concellos de Betanzos e Corcubión para a redacción -e actualización ao marco normativo vixente- do Plan especial de protección e ordenación de ambos os núcleos históricos (PEPOCH). Ambos os convenios suman un importe de 250.000 euros, que serán aboados en varias anualidades, en función das fases e dos avances na redacción destes instrumentos de planeamento urbanístico.

A Xunta decide colaborar na redacción e tramitación dos PEPOCH de ambos os concellos, despois de que a nova Lei de patrimonio cultural fixase un prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor para que os concellos con plan especial aprobados antes do ano 1995 se adapten á lexislación vixente.

Nesta situación atópanse os concellos de Corcubión e Betanzos, municipios pioneiros nesta materia, xa que foron os primeiros de Galicia en contar cun plan especial de protección do seu núcleo histórico. Corcubión conta cun plan especial de protección do conxunto histórico moi antigo, aprobado no ano 1991, mentres que o de Betanzos foi aprobado un ano despois.

Así pois, esta circunstancia singular e sobrevida, que afecta especificamente estes dous concellos, é o motivo que xustifica a tramitación deste convenio para que poidan contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente que lles permita seguir exercendo as competencias que recolle a Lei 5/2016.

A finalidade deste instrumento é estudar estes espazos para que teñan futuro, estean activos, ofrezan servizos e revitalicen as cidades ou vilas en que se atopan, coa posibilidade de definir novos usos e conservar o que defina o plan especial. Deste xeito, o Goberno galego asume o compromiso de avanzar co propósito de garantir un territorio ordenado capaz de tratar o futuro con criterio e garantías.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Cómpre lembrar que no ano 2010, a Xunta de Galicia dispuxo por primeira vez axudas de planeamento específicas para a protección de zonas históricas. Estas axudas tiñan por obxecto axudar aos concellos e contar cos instrumentos de planeamento urbanístico que contribúan a preservar o patrimonio cultural de asentamentos de carácter histórico ou de singular valor arquitectónico dos concellos cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes. En total, a Xunta concedeu axudas deste tipo a 20 concellos galegos por un importe de máis de tres millóns de euros.



## A XUNTA ACHEGA 618.000 EUROS AO PROXECTO 'SMARTIAGO' PARA APOIAR MELLORAS NA XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE SANTIAGO

- *O Consello da Xunta aproba un convenio mediante o cal a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), colaborará na fase de I+D desta iniciativa cofinanciada con fondos Feder*
- *Con este proxecto de compra pública innovadora (CPI) búscase optimizar a xestión dos residuos sólidos urbanos, a mobilidade sustentable e a iluminación intelixente do patrimonio histórico*
- *Con 212 millóns de euros xa executados ou en execución, Galicia é pioneira na utilización da compra pública innovadora, un instrumento que fomenta a innovación a través da contratación polas administracións de novas solucións e produtos que permiten mellorar os servizos á cidadanía*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), apoiará o Concello de Santiago con 618.000 euros para impulsar o programa de compra pública innovadora *Smartiago*, unha iniciativa coa que se busca mellorar a eficacia e a eficiencia dos servizos públicos municipais achegando solucións innovadoras para a xestión dos residuos sólidos urbanos, a mobilidade sustentable e a iluminación ornamental intelixente para a conservación do patrimonio histórico.

Esta colaboración plasmarase nun convenio de colaboración que hoxe autorizou o Consello da Xunta, mediante o cal Gain asumirá o 10% do orzamento da fase de I+D deste proxecto, na que se prevé investir un total de 6.180.000 euros. Un 80% será financiado con fondos Feder de Galicia xestionados polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e o 10% restante será por conta do Concello de Santiago de Compostela.

Galicia é pioneira na utilización da compra pública innovadora (CPI), un instrumento que fomenta a innovación a través da contratación pública de novas solucións e produtos que permiten ofrecer desde a Administración unha mellor atención aos galegos e galegas. Así, no período 2007-2013, a comunidade executou preto do 40% de toda a compra pública innovadora que se contratou en España, en concreto 112 millóns de euros dun total de 293. No período 2014-2020 a Xunta está a executar xa proxectos de CPI por preto de 100 millóns de euros.

Ademais, a Administración autonómica, que conta co programa Innpulsa CPI, foi recoñecida en dúas ocasións co Premio nacional de innovación na modalidade de compra pública innovadora. En concreto polos programas Innovasaúde e Hospital 2050 e en relación co Polo Aeroespacial de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Co apoio a *Smartiago*, a Xunta busca seguir avanzando neste eido, mellorando así os servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores, fomentando a innovación empresarial, e favorecendo a internacionalización da innovación a través do mercado público local como cliente de lanzamento.

A través desta iniciativa, que se prevé ter finalizada en 2021, buscarase, no tocante á xestión sustentable e intelixente de residuos sólidos urbanos (RSU), facilitar e potenciar un novo modelo de depósito e tratamento descentralizado de residuos, posibilitar novas formas de relación coa cidadanía que premien o comportamento adecuado en canto a depósito de RSU e limpeza viaria baixo a filosofía de pagamento por xeración, aumentando a corresponsabilidade e a transparencia; e posibilitar un novo modelo de fiscalización da calidade de servizo, especialmente en canto á recollida e limpeza viaria.

No que atinxe á mobilidade intelixente sustentable, *Smartiago* persegue reducir de forma drástica os desprazamentos con vehículos contaminantes no centro e no centro histórico, previr os danos en pavimentos por acceso indebido de vehículos de tonelaxe excesiva e garantir tanto o cumprimento estrito do acceso en vehículos contaminantes ao centro e ao centro histórico como garantir o cumprimento do tempo de estacionamento nas zona ORA e residentes.

No que respecta á liña de traballo de alumeados intelixentes para a conservación do patrimonio, búscase reducir o custo de electricidade de iluminación pública ornamental e o gasto de mantemento de luminarias, elevar ao máximo o grao de cumprimento do servizo de mantemento de iluminación e producir un aforro considerable na conservación (mantemento e restauración) de fachadas cun elevado valor patrimonial.

## A XUNTA CONTRATARÁ POR DOUS ANOS MÁIS A SUBMINISTRACIÓN CENTRALIZADA DA ENERXÍA ELÉCTRICA EN 1790 CENTROS PÚBLICOS PARA AFORRAR CUSTOS

- *Aprobada a licitación deste novo contrato por 82,6 millóns de euros para as instalacións adheridas á Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *O servizo que se sacará a concurso inclúe melloras para fomentar a competencia e a concorrencia do maior número de empresas, facilitando a participación ás pemes dedicadas á comercialización de enerxía eléctrica*
- *Redexga conta hoxe con 2330 centros adheridos ás contratacións centralizadas de electricidade, gas natural e gasóleo C, o que supón un aforro na factura enerxética da Administración autonómica superior aos 34M€ desde a súa creación en 2013*
- *O Goberno galego aposta con esta iniciativa polo uso das enerxías limpas, afondando na importancia de xuntar esforzos para diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro ao ambiente e na loita contra o cambio climático*

A Administración autonómica centralizará o consumo de enerxía eléctrica en 1790 centros públicos a través dun novo contrato que aprobou hoxe o Consello da Xunta e que se asinará a través da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria. O contrato en vigor expira o próximo mes de outubro, polo que a Administración autonómica licitará un novo que conta cun orzamento de 82,6 millóns de euros para os próximos dous anos, aínda que coa posibilidade de prorrogalo durante dous máis.

Os pregos de contratación inclúen melloras para dar facilidades ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica. Así, partírase dun prezo fixo que se adaptará ás flutuacións do mercado no futuro para minimizar as incertezas aos licitadores, deseñándose unha metodoloxía de prezos que permita eliminar o risco asociado ás flutuacións futuras, o que, ademais, redundará nunha redución da factura para a Administración autonómica. Desta maneira afondarse nun dos obxectivos principais do Goberno galego: o aforro enerxético.

Así mesmo, inclúense dous lotes de licitación para fomentar a competencia e a concorrencia do maior número de empresas ao procedemento, facilitando, na medida do posible, a participación no proceso ás pemes dedicadas á comercialización de enerxía eléctrica. Así, o lote número 1 inclúe 1734 centros de Redexga cun consumo anual estimado de 123,4GWh, mentres que o lote 2 abrangue 56 centros en alta tensión cun consumo anual estimado de 141,3GWh. En total, o consumo anual estimado nestes 1790 centros, xa adheridos á rede, é de 264,7GWh/ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Seguindo as directrices europeas, para fomentar o emprego de enerxías limpas esixírase que a procedencia das fontes de enerxía sexan nun 100% na súa orixe renovables e de coxeración de alta eficiencia.

Redexga foi creada no ano 2013 co obxectivo de mellorar as condicións das contratacións enerxéticas dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público de Galicia a través de contratacións centralizadas de enerxía que permitan minimizar os custos.

Así, ata o de agora, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Inega, como órgano xestor da Redexga, leva licitados contratos centralizados de electricidade, gas natural e gasóleo C, ademais da contratación da enerxía necesaria para o abastecemento eléctrico de Sogama.

Na actualidade existen 2330 centros adheridos cun consumo anual nos tres combustibles que se sitúa próximo aos 950GWh ao ano. O aforro acadado na factura enerxética da Xunta supera os 34,2 millóns de euros desde a creación da rede, unhas cifras que superan os obxectivos iniciais.

Entre os 2330 centros públicos –incluídos os 1790 do contrato de consumo eléctrico– figuran principalmente edificios administrativos da Xunta, centros de saúde, hospitais de día, xulgados, centros de ensino e de maiores, ademais da CRTVG, o Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Valedor do Pobo, as tres universidades galegas e Portos de Galicia.

Ao longo da vixencia dos diferentes contratos poden incorporarse novos puntos de subministración que teñan contrato de acceso con outra comercializadora ou altas de novos puntos de consumo.

O reto que se marca o Goberno galego, ademais da redución na factura enerxética, é concienciar na necesidade de xuntar esforzos para diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro ao ambiente e na loita contra o cambio climático. En definitiva, Redexga persegue mellorar a eficiencia enerxética e impulsar actuacións de aforro dentro da Administración autonómica.

## A XUNTA SUBE UN 33% O ORZAMENTO DO PROGRAMA DE ACOLLEMENTO DE MENORES EN FAMILIA EXTENSA ATA CHEGAR AOS 450.000 EUROS

- *A Administración autonómica achega o 55% desta contía e o resto son fondos propios de Aldeas Infantiles, entidade a través da que se desenvolve a iniciativa*
- *Crearase un novo equipo de atención na cidade de Ourense co que se dará servizo a 30 familias máis*
- *O programa chegará este ano a 130 familias de toda Galicia, oito veces máis que en 2013 cando o número de beneficiarios era de 16.*

O Consello da Xunta deu luz verde o novo convenio de colaboración con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que incrementa o seu orzamento un 33% con respecto ao ano pasado e contará neste 2019 cun investimento total superior aos 450.000 euros. A través desta iniciativa, a Administración autonómica presta apoio aos menores en situación risco ou desamparo que están a ser acollidos por membros da súa propia familia e dáselles unha atención especializada e adaptada ás necesidades de cada caso.

Da contía total do orzamento do programa, a Xunta achega 173.000 euros a través do convenio autorizado hoxe, e outros 76.000 con cargo á repartición dos fondos do 0,7% do IRPF. Os 203.000 euros restantes proceden de fondos propios da entidade.

Este incremento económico suporá a creación dun novo equipo de atención ás familias na cidade de Ourense, que se suma aos que xa existían na Coruña, en Vigo e en Santiago de Compostela. A nova unidade permitirá atender 30 familias máis, ata chegar a 130 en toda Galicia, oito veces máis que en 2013, cando o número de beneficiarias era de 16. Con todas elas realízanse labores de orientación en coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares cando é preciso.

O Executivo galego, en colaboración con Aldeas Infantiles, mantén a súa aposta por favorecer o acollemento familiar, unha figura de protección que en Galicia é prioritaria á hora de atender as nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo. De feito, a metade dos 2.300 menores tutelados ou en garda pola Xunta están en acollemento familiar e, dentro destes, tres cuartas partes están acollidos en familia extensa, de tal maneira que permanecen na súa contorna emocional e socioeducativa.

## A XUNTA REFORZA A VIXILANCIA CONTRA OS LUMES NOS MONTES GALEGOS COA OPERACIÓN CENTINELA DA MAN DO MINISTERIO DE DEFENSA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura deste convenio de colaboración, a través do cal se incorporan 27 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar, un ano máis, a vixilancia nos montes galegos. O obxectivo principal é implementar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Desta forma, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres -neste caso un total de 27 formadas por militares sobre vehículo- durante a campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia. Este despregamento poderá ser en caso de situacións de risco alto ou moi alto, chegar ás 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia.

Todo este persoal se sumará ao dispositivo de loita contra incendios a partir do 15 de agosto e ata o 30 de setembro, sempre baixo o mando único da Xunta. Un operativo de loita contra incendios que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos entre persoal propio da Xunta, da Administración do Estado e dos concellos, apoiados por unha trintena de medios aéreos e 360 motobombas, entre outros medios. Desta forma mellórase a seguridade das persoas e dos bens, así como a riqueza forestal de Galicia.

A Consellería do Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e relevos da unidade das Forzas Armadas é dun total de 469.604,41 euros.



## GALICIA CONTARÁ COA PLANTA MÁIS INNOVADORA DE ESPAÑA PARA O ULTRACONXELADO DE PRODUTOS DO MAR

- *O Consello da Xunta autorizou unha axuda de máis de 5,3 millóns de euros á empresa Hermanos Ibáñez Consignatarios de Pesca para a construción dunha planta de frío e elaboración de produtos do mar no concello de Mos*
- *Esta achega supón o 50% do investimento, permitirá contar coa primeira nave deste tipo en Galicia e apróbase ao abeiro da convocatoria de 2019 de axudas para investimentos en pemes de transformación de produtos do mar*
- *Contará con cámaras de -50°C coas que manterán o produto ultraconxelado, en particular atún procedente do océano Índico, con todas as súas propiedades organolépticas desde a súa recepción ata a distribución*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión dunha axuda de máis de 5,3 millóns de euros por parte da Consellería do Mar á empresa Hermanos Ibáñez Consignatarios de Pesca para a construción e posta en marcha dunha nova planta de frío e elaboración de produtos do mar no concello pontevedrés de Mos. Esta axuda supón o 50% do investimento, de máis de 10,7 millóns de euros, que se distribúe nas anualidades 2019 e 2020 e permitirá contar coa primeira nave deste tipo en Galicia e a máis innovadora de España.

A achega concédese ao abeiro da convocatoria de 2019 de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O proxecto para o que se aproba esta axuda consiste na construción dunha nova nave con cámaras de -50°C coas que se conseguirá manter o produto ultraconxelado, en particular atún procedente do océano Índico, con todas as súas propiedades organolépticas desde a súa recepción ata a distribución.

Nestas condicións de ultraconxelado e cun deseño con características de eficiencia enerxética, a planta dedicarase á preparación, clasificación e almacenamento de peixe para a súa elaboración e venda, unha parte del para o consumidor final en grandes superficies. Deste xeito dará apoio ao centro que ten a empresa no porto de Vigo, permitíndolle mellorar os procesos produtivos, captar novos tráxicos e establecer novos mercados.

Ao mesmo tempo, esta instalación reforzará a seguridade alimentaria con protocolos e certificacións en normas de calidade e permitirá á frota adaptarse mellor ás condicións de mercado, xa que poderá desembarcar e almacenar produtos pesqueiros ultraconxelados na instalación frigorífica, sen necesidade de elaboralos e vendelos a

curto prazo, e poderá dispor dela noutras épocas en que non poida pescar. Así prevese que esta nave poida chegar aos 60 empregados nas épocas de maior actividade.

### **Axudas a pemes**

Esta achega apróbase no marco da convocatoria de axudas deste ano a pemes de transformación de produtos do mar en que se preseleccionaron outros 54 proxectos que están en trámites de aprobación. Ao abeiro delas subvenciónanse os investimentos que realicen estas pemes e que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no medio ambiente. Tamén aquelas accións que melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo das plantas e os investimentos que fomenten os produtos e sistemas de xestión e organización innovadores. Son ademais obxecto de subvención as accións que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se pode destinar ao consumo humano, unha solución que pode axudar para a xestión e valorización dos descartes.

En relación coas convocatorias anteriores destas axudas, das de 2016, 2017 e 2018 beneficiáronse preto de 130 pemes de transformación de produtos do mar por valor de preto de 31 millóns de euros. A través delas subvencionáronse, entre outros proxectos, algúns relacionados coa posta en marcha de industrias de procesamento de peixe, con equipamentos para a mellora dos procesos de transformación, coa innovación no ámbito de novos e mellores procesos, coa mellora no tratamento de residuos e o aforro enerxético.



**GALICIA MOBILIZARÁ 900M€ ATA 2022 PARA AVANZAR A TRAVÉS DA AXENDA 4.0 NA TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL E CREAR 13.500 NOVOS EMPREGOS**

- *A Xunta destinará 350 millóns de euros en catro anos a esta folla de ruta co obxectivo de anticiparse aos cambios, aumentar o tamaño das empresas, favorecer o talento dixital e a reinvencción da industria*
- *Este ano e o que vén prevese o reforzo dos programas xa en funcionamento e a posta en marcha de novas liñas de actuación que faciliten a transformación dixital, co desenvolvemento de servizos, solucións, ferramentas de colaboración e financiamento 4.0 para as pemes galegas*
- *Entre outras iniciativas, poñeranse en marcha os Centros de Fabricación Avanzada, para validar recursos de tecnoloxías dixitais 'made in Galicia' en sectores industriais concretos; e un programa para impulsar o desenvolvemento de provedores de maquinaria industrial*
- *Tamén se activará un plan integral de financiamento para investimentos en tecnoloxías emerxentes e desenvolveranse os Hubs de innovación dixital*
- *A nova Axenda levarase á Mesa do Diálogo Social, na que participan representantes empresariais e sindicatos*
- *Desde o lanzamento do plan en 2015 mobilizáronse máis de 935 millóns de euros, chegando a case 9000 empresas*

A Xunta destinará 350 millóns de euros ata 2022 ao desenvolvemento da Axenda Industria 4.0, co obxectivo de anticiparse aos cambios do novo modelo, aumentar o tamaño das empresas, favorecer a aposta polo talento dixital e contribuír á reinvencción do tecido industrial galego e á súa especialización desde o punto de vista tecnolóxico. Deste xeito, seguirase afondando no impulso á xeración dun novo tecido empresarial competitivo na economía global e conectada, facilitando ademais a creación de 13.500 empregos industriais e a mobilización de 900 millóns de euros nos próximos catro anos.

O obxectivo é manter Galicia como unha das comunidades líderes a nivel estatal no desenvolvemento da nova industria e da fábrica conectada, así como na dixitalización. Xunto coa xeración dunha industria intelixente, na que o capital humano sexa capaz de anticiparse aos cambios e xestionar as vantaxes das novas tecnoloxías, esta folla de ruta servirá nos próximos anos para continuar a impulsar o crecemento de tecido empresarial que aposte pola innovación e a internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a partir da redefinición das áreas de acción en que se estrutura a Axenda –composta por catro bloques: estratexia, asesoramento, talento e financiamento–, este ano e o que vén (2019-2020) xa se desenvolverán catro medidas clave que afondarán na transformación do tecido produtivo cara á Industria 4.0: a prestación de servizos ás pemes (Servizos 4.0); o

desenvolvemento de centros de fabricación avanzada (Solucións 4.0); a creación dun Observatorio da Industria 4.0 (Plataforma 4.0); e un programa de financiamento para as empresas (Financiamento 4.0).

A primeira medida destacable é o impulso de servizos 4.0 dirixidos ás pemes, que se materializará no lanzamento de novas *business factories* e no desenvolvemento dos Hubs de innovación dixital xa activados, enfocados especialmente cara a sectores estratéxicos, así como ás tecnoloxías emerxentes internet das cousas e *big data* e analítica.

En segundo lugar, a posta en marcha de solucións para avanzar na nova industria concretarase, por unha banda, nos Centros de Fabricación Avanzada, que terán como obxectivo validar e demostrar recursos de tecnoloxías dixitais *made in Galicia* en sectores industriais concretos. Por outra banda, e mediante o fomento da colaboración entre empresas complementarias que xeren solucións conxuntas, impulsárase a iniciativa Maquinaria 4.0, que incidirá no desenvolvemento de provedores de bens de equipamento para a nova industria.

A estas actuacións engadirase unha terceira medida, que consiste na creación dun Observatorio da Industria 4.0, unha plataforma que facilitará o coñecemento mutuo entre axentes implicados e o deseño e activación de proxectos de colaboración.

Así mesmo, para favorecer a realización de iniciativas de cooperación en I+D e o avance en investimentos tecnolóxicos e investimentos estranxeiros, deseñárase unha cuarta medida clave: un programa integral de financiamento para as empresas que desexen fortalecer a súa competitividade por medio de iniciativas encamiñadas á consolidación do novo modelo industrial.

Estas catro medidas desenvolveranse baixo o paraugas da Gobernanza Industria 4.0, o órgano estable con representación dos axentes socioeconómicos (empresarios e sindicatos) para liderar a orientación e o desenvolvemento desta nova etapa industrial en Galicia. O novo modelo de Gobernanza 4.0 permitirá integrar as capacidades instaladas, crear polos de actividade ao redor das principais tecnoloxías e favorecer a especialización da industria galega.

### **Catro anos de impulso á Industria 4.0**

A nova Axenda será presentada aos representantes empresariais e sindicais participantes na mesa do diálogo social, co obxectivo de coñecer as súas propostas e ver a posibilidade de incorporar medidas adicionais na nova folla de ruta. Este clima de diálogo é o mesmo que cando en 2015 foi aprobada co consenso de 120 axentes sociais e desenvolta pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa

colaboración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Entre 2015 e 2018, a Axenda apoiou 8.925 empresas, permitindo a mobilización público-privada de 935,6 millóns de euros en Galicia, ao tempo que se crearon 14.500 novos empregos industriais. Do total dos investimentos realizados, un 60% centrouse en medidas específicas da fábrica 4.0, unha porcentaxe que se prevé incrementar co plan de acción para os vindeiros dous anos.

A posta en marcha desta Axenda puxo a Galicia na vangarda do impulso á nova industria, sendo unha das comunidades autónomas de referencia en España, e situouna por diante da maioría das rexións europeas na implantación de actuacións de impulso á transformación e modernización do seu tecido industrial.

Así, a Business Factory Auto (BFAuto), as unidades mixtas de investigación, os proxectos Industria 4.0, as axudas á dixitalización e o Polo Aeroespacial de Galicia figuran entre as accións realizadas pola Xunta que están consideradas entre as mellores prácticas neste eido a nivel nacional.